

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A  
CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN E IMAXE  
DA PEREGRINACIÓN EUROPEA DA XUVENTUDE Á TUMBA DO APÓSTOLO SANTIAGO**

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2022

**Reunidos**

Dunha parte, D., vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro ), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E, doutra parte, D., en calidade de Vicesecretario **para Asuntos Económicos** da Conferencia Episcopal Española, segundo os poderes outorgados o 20 de xaneiro de 2021 ante o notario de Madrid.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para obrigarse en dereito.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora,

información e difusión do sector turístico galego, potenciando a dita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que, no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan conseguir os seus obxectivos.

**Segundo.** -Que a Conferencia Episcopal Española é unha institución de carácter permanente integrada polos Bispos de España, para o exercicio conxunto dalgunhas funcións pastorais do Episcopado Español respecto dos fieis do seu territorio, a teor do Dereito común e destes Estatutos, co fin de promover a vida da Igrexa e fortalecer a súa misión evanxelizadora.

Entre as funcións da Conferencia Episcopal inclúese estudar e potenciar a acción pastoral nos asuntos de interese común, propiciar a mutua iluminación nas tarefas do ministerio dos Bispos, coordinar as actividades eclesiais de carácter nacional, tomar decisións vinculantes nas materias a ela confiadas e fomentar as relacións coas demais Conferencias, sobre todo coas máis próximas.

**Terceiro.** - Que a consideración dos anos 2021 e 2022 como Anos Santos, cunha distancia temporal de once anos con respecto ao anterior (2010), converte ao Xacobeo 2021-22 nun acontecemento excepcional e de transcendencia global que producirá unha afluencia peregrina moi importante, ligada ao espírito e á celebración do Xacobeo.

O Camiño de Santiago foi unha vía de comunicación, lugar de encontro de culturas e xerador dunha vida social e económica que deu lugar á formación de cidades e vilas e, consecuentemente, a unha transformación da paisaxe, trazos todos eles que o dotan desa impresionante riqueza cultural e histórica merecedora de respecto e protección.

O Camiño de Santiago móstrase hoxe como un espazo ligado á idea de Europa. Paralelamente, as peregrinacións volven cobrar vixencia. Razóns espirituais, culturais, históricas, artísticas e mesmo deportivas moven ás persoas de todas as nacionalidades e ideas a recorrer o Camiño.

No momento histórico no que nos atopamos non debemos deixar escapar a oportunidade de como dixo Xoán Paulo II, "descubrir as nosas orixes, avivar as nosas raíces e volver atoparnos...". Desde a organización da Peregrinación Europea da Xuventude (en diante PEX 22) vese a necesidade de organizar os diferentes rutas que conducen ata Santiago, para que os peregrinos poidan vivir esta experiencia tan gratificante sen masificar os camiños ou deixando á improvisación a súa organización.

**Cuarto.** - A Pastoral Xuvenil do noso país, todos os veráns dos anos santos composteláns organiza unha Peregrinación Europea da Xuventude (PEX) á tumba do Apóstolo Santiago. A PEX 22 é convocada pola Arquidiocese de Santiago de Compostela, e organizada desde a Subcomisión para a Mocidade e Infancia da Conferencia Episcopal Española conxuntamente coa Arquidiocese de Santiago de Compostela.

Prevese unha participación de ao redor de 15.000 mozos de idades entre 16 e 35 anos a través dos seus grupos de referencia de Pastoral Xuvenil. Contarase coa axuda de 500 voluntarios das cinco dioceses de Galicia para poder ser a cara visible e amable de PEX22, axudando aos mozos en tarefas de loxística, orde, aloxamentos, catering, información xeral en diferentes puntos da cidade, etc.

En cada diocese galega existe un encargado de xestionar todos os espazos e grupos nas parroquias que lles afecte. Desta maneira aos que veñen solicitar información e visitar o camiño facilitaráselle axuda para realizar os trámites coas distintas institucións.

O lema da Peregrinación Europea de Mozas PEX 22 é «Mozo, érguete e sé testemuña. O Apóstolo Santiago espérate».

**Quinto.** - Propuxéronse once camiños, con diferentes rutas e variantes en cada un deles, e cada ruta realizarase entre os días previos ao 3 e 7 de agosto de 2022, segundo a zona e a súa capacidade de acollida. Desta maneira, queda repartido o fluxo diario dos miles de mozos e mozas que virán a Santiago, a onde chegarán entre os días 2 e 3 de agosto.

**Sexto.** - A organización da PEX 22 ten como prioridade poder alcanzar unha boa comunicación e posicionamento no mundo dixital, para o que se relacionan a continuación os recursos cos que se pretende potenciar a comunicación da peregrinación:

- **APP.** Co obxectivo de "Papel Cero", prevese a creación dunha APP móbil para que os peregrinos poidan consultar todos os detalles da PEX 22 nos seus dispositivos móbiles. Constará dunha área aberta a todo o que queira coñecer a PEX 22 e participar, e dunha área persoal-privada para os rexistrados onde poder facer a reserva de prazas en certas actividades. Dispoñerá dun mapa coa localización de cada un dos espazos de interese, aloxamentos, catequeses, templos, concertos, etc.

- **Actualización da páxina web.** Actualmente existe a web [pej22.es](http://pej22.es) pero realizarase un restyling máis actualizado coas webs actuais, para introducir novas funcionalidades, etc.

- **Disco PEX22.** Gravación dun disco con algunhas das cancións presentadas polos mozos ao concurso do Himno da PEX 22 e que será ofrecido para descarga, a todos os participantes na PEX, a través das distintas propostas dixitais que hoxe ofrecen música.

- **Kit do Peregrino.** A imaxe que se proxecte aos peregrinos como a Europa (a través dos seus participantes e medios de comunicación), debe ser fresca, nova e dinámica. Por tanto, elaborárase unha proposta visual para o deseño do kit do peregrino. Este pack incluírá:

- Mochila
- Camiseta

- Power bank
- Lanyard
- Pulseira de tea
- Chapa

Todos os peregrinos dispoñerán do seu kit para poder utilizalo durante eses días e posteriormente mantelo como recordo da súa vivencia na PEX 22. Os voluntarios terán o seu kit específico de maneira que poidan ser facilmente visibles.

**-Organización e difusión.** Por último, en toda organización precísase facer unha serie de desprazamentos e reunións para poder organizar e seguir avanzando na difusión e preparación da PEX 22.

**Sétimo.** - Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao amparo do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a Conferencia Episcopal Española é a única entidade que pode realizar as actuacións deste Convenio, para os efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. - OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Conferencia Episcopal Española para a mellora da

comunicación e imaxe da peregrinación europea da Xuventude á tumba do Apóstolo Santiago.

## SEGUNDA. - ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas neste convenio ascende a **166.478,89 €** (IVE incluído), que se distribúen da seguinte maneira:

1. APP e actualización da páxina web ..... 52.971,39 €
2. Disco PEX 22 ..... 6.413,00 €
3. Organización e difusión..... 1.951,55 €
4. Kit do Peregrino (Merchandising) ..... 105.142,95 €

**Total.....166.478,89 €**

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.2, proxecto 2018 00002 "Xacobeo 2021", cunha achega de 150.000 €, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pago das subvencións a favor das entidades, unha vez que estas presenten a documentación xustificativa establecida na cláusula sétima e se comprobem as idóneas xustificacións, sen prexuízo do establecido na cláusula oitava.

## TERCEIRA. - GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

#### **CUARTA. - COMPROMISOS DAS PARTES**

1) A Conferencia Episcopal Española obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 21- 22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo de 2021).

- Achegar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
  - Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
  - Presentar, antes da firma deste convenio, os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - Fornecer á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia dos deberes previstos no Título I da citada lei.
  - Os demais deberes previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que resulten aplicables.
- 2) A Axencia Turismo de Galicia obrígase a realizar as achegas económicas establecidas na cláusula segunda, como concesión directa de subvención á Conferencia Episcopal Española para a realización das actuacións previstas neste convenio de colaboración.

#### **QUINTA. - COMPATIBILIDADE**

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **SEXTA. - INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### **SÉTIMA. - XUSTIFICACIÓN E PAGO**

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade **de conta xustificativa**, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, para o que a Conferencia Episcopal Española deberá presentar para as actuacións que lle corresponden executar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que contará con :

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe.
- e) De ser o caso, os tres presupostos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

2. Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca do Xacobeo 21-22.

3. Deberá indicarse o número de conta para o ingreso dos fondos e achegar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos a esa conta.

4. A entidade tamén deberán presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das subvencións e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo das verificacións realizadas e tramitará os pagos correspondentes.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito para solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2022.

A documentación correspondente ás xustificacións presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

7. Se os investimentos xustificados fosen menores aos previstos nos orzamentos estimados para cada unha das actuacións subvencionadas obxecto do presente convenio referidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pago nas contías que sexan obxecto de xustificación. De conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13

de xuño, soamente deberán ser reintegradas ou, no seu caso, minoradas as achegas, polo importe que supere o custo total das actividades.

8. Non se entenderá incumprido o deber de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas nos orzamentos estimados na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levasen a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **OITAVA. - PAGOS ANTICIPADOS E A CONTA.**

Poderanse realizar pagos anticipados, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas nas diferentes anualidades por un importe máximo do 50%, de conformidade co disposto no artigo 63.1. dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo, poderanse realizar pagos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán o ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pago, deberase enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Conforme ao disposto no artigo 65.4.h) do citado Regulamento, a Conferencia Episcopal Española está exenta do deber de prestar garantía.

## **NOVENA. - REINTEGRO**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Conferencia Episcopal Española deberá reintegrar o exceso xunto cos intereses de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

## **DÉCIMA. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia uno dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión actuará conforme ao previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Con todo, todas aquelas cuestións que se susciten en relación cos outorgamentos, cumprimentos, xustificacións e pagos, así como os reintegros e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

## **DÉCIMO PRIMEIRA. - MODIFICACIÓNS DO CONVENIO**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da devandita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de maneira expresa e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

## **DÉCIMO SEGUNDA. - CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

## **DÉCIMO TERCEIRA. - NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, na súa falta, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **DÉCIMO CUARTA. - PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO**

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Ao mesmo tempo, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **DÉCIMO QUINTA. - PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puidesen levar a cabo en virtude del se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en diante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

#### **DÉCIMO SEXTA. - NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado

electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO SÉTIMA. - VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2022.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Conferencia Episcopal Española

O presidente

O vicesecretario para Asuntos Económicos